

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E O CENTRO GALLEGO DE MADRID PARA A ACTUACIÓN URGENTE NA FACHADA DA SEDE SOCIAL.

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar co Centro Gallego de Madrid o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 22 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre as entidades asinantes para a retirada do letreiro deteriorado na sede social do Centro Gallego de Madrid e a reparación urgente da súa fachada instalando uns novos sinais de identificación.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Centro Gallego de Madrid é unha entidade sen ánimo de lucro fundada en 1892 e inscrita no Rexistro da Galeguidade como centro colaborador da galeguidade, que ten entre os seus obxectivos os seguintes:

- a) promover a participación, difusión e estudo da sociedade e cultura galegas e favorecer o acercamento da sociedade e cultura galegas a Madrid.
- b) Promover e organizar actividades culturais, sociais, deportivas e de lecer relacionadas coa cultura galega.
- c) Contribuír á unión solidaria de todos os galegos e todas as galegas ou persoas afíns coa cultura galega, así como dos seus fillos e das súas fillas e descendentes que residan noutros lugares e fomentar a súa convivencia.
- d) Promover e apoiar iniciativas que contribúan a dar a coñecer o patrimonio histórico artístico do pobo galego.
- e) Configurarse como grupo de colaboración e participación con outras entidades públicas e privadas relacionadas coa cultura galega.
- f) Formular iniciativas a entidades públicas e/ou privadas para conservar ou acrecentar valores arquitectónicos, medioambientais, culturais e patrimoniais do pobo galego

A entidade conta cun inmovible en propiedade situado na rúa Carretas nº 14, 3º andar (Madrid), no que ten establecida a súa sede social e na fachada conta cun rótulo de identificación co nome da entidade en grandes letras. O dito rótulo foi instalado nos



anos 60 do século pasado e co paso de tantos anos, atópase moi deteriorado, ata o punto de que o Concello de Madrid instou recentemente á entidade a que o retirase de forma inmediata por existir un perigo inminente de desprenderse da fachada e caer á rúa co correspondente risco para os/as viandantes. Isto supón que a entidade debe acometer a súa retirada de forma urxente para cumprir co requirimento do Concello de Madrid. Esta intervención incluírá así mesmo, a reparación da fachada e a colocación dos novos sinais de identificación do centro galego.

A Secretaría Xeral da Emigración considera que esta entidade é a institución idónea para desenvolver esta contribución de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no é posible promover a concorrencia pública.

A importancia desta entidade para a colectividade galega que reside en Madrid xustifica o interese público para a concesión directa e extraordinaria da subvención obxecto deste convenio por parte da Secretaría Xeral da Emigración ao amparo do disposto no citado artigo 19.4 c) da Lei 9/2007.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a sinatura dun contrato dos contemplados no texto da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

Co obxecto de colaborar no financiamento deste convenio a Secretaría Xeral da Emigración comprométese a achegar unha contía de nove mil cincocentos euros (9.500€), con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.781.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.

En atención ao exposto e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

